



Galicia

# GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia  
ISSN 1989-3299



nº 360

Semana do 15 ao 21 de febreiro de 2010

## UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE O 2 DE MARZO EN DEFENSA O SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS E CONTRA OS RECORTES DE DEREITOS

**Redacción.-** Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense acollerán o vindeiro 2 de marzo sendas manifestacións, convocadas por UGT, xunto con CCOO, en defensa do sistema público de pensións, contra o atraso da idade de xubilación e para rexeitar calquera tipo de recorte en materia de protección social. Todas as manifestacións comezarán ás 20.00 horas, salvo a de Lugo que ten prevista a súa saída ás 19.30 horas.

Estas manifestacións enmárcanse na campaña de mobilizacións que se está a realizar a nivel confederal e que se escenificará cunha gran manifestación o día 23 de febreiro en Madrid.

O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, no acto de presentación ante os medios de comunicación desta campaña, cualificou a campaña iniciada en contra do sistema público de pensións e os anuncios realizados polo Goberno para a súa reforma de "alarmismo infundado e interesado". Considera "inaceptable que nun contexto de crise como o actual se xogue coa sensibilidade e cos dereitos da cidadanía e se use á Seguridade Social como un instrumento para reducir o déficit público". Aclarou que a Seguridade Social goza de boa saúde, polo que calquera medida que se adopte neste contexto de carácter regresivo non ten explicación.

Dirixiu as súas palabras ao Executivo central e cualificou como "moi mala sinal" este tipo de movementos, que son inxustos, equivocados e imprudentes.

En relación á ampliación da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos, Gómez indicou que o Goberno abandonou unilateralmente o Acordo existente en materia de pensións e parece alleo á realidade que é un aumento progresivo e voluntario da idade de xubilación. Se no ano 2007 a idade media era de 62,5 anos, no 2009 foi de 63,77, por enriba da media da UE, 61,5 anos. De feito, Galicia entre o ano 2002 e 2009 incrementa progresivamente a súa poboación ocupada maior de 55 anos. Isto evidencia que a ampliación xa se está a facer de xeito voluntario.

No relativo á ampliación do período mínimo de cotización, de 15 a 20 anos, esta é unha medida que suporía unha perda media dun 5 por cento nas contías das pensións, unha media

de 60 euros ao mes.

Passar a toda a vida laboral o período de cálculo suporía unha perda dun 17 por cento.

Se se amplía o período de cálculo a 20 anos, o 11 por cento perderían o seu dereito e percibir unha pensión de carácter contributivo.

Ademais, esta medida afectaría aos sectores xa de por si máis desfavorecidos, agrario e empregadas de fogar.

UGT aposta porque, antes de iniciar calquera tipo de proceso de negociación para a reforma das pensións, se culminen os temas que aínda están pendentes do Acordo de pensións de 2006, a integración no Réxime xeral do Réxime especial agrario e o Réxime especial das empregadas de fogar. E, ademais, rebaixar a idade de xubilación aos traballadores sometidos a condicións laborais penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres.

Son moitos os temas aínda pendentes. O Sindicato propón favorecer e mellorar a figura da xubilación flexible, de modo que, mantendo a idade legal de xubilación aos 65 anos, o traballador poida elixir voluntariamente anticipala ou atrasala.

Tamén hai que acometer reformas para mellorar o financiamento do sistema de pensións, culminando a separación de fontes, de modo que o financiamento público asuma integramente, entre outros, os complementos a mínimos, máis de 4.000 millóns de euros ao ano páganse con cotizacións. Urxe tamén unha mellora do SMI, ata achegalo ao 60 por cento do salario medio.

Hai que seguir mellorando as pensións mínimas para situalas por enriba do limiar da pobreza.

Ademais, hai diante moito traballo en materia de políticas activas dirixidas ao colectivo de traballadores de máis idade e contra a discriminación por razóns de idade.



A todo isto hai que sumarlle a mellora do modelo produtivo, da protección social dos maiores de 50 expulsados do mercado laboral e unha nova estrutura de ingresos que garanta a suficiencia financeira do sistema.

De todos os xeitos, José Antonio Gómez deixou claro que as medidas deben ser acordadas, non impostas, UGT manifesta o seu máis absoluto rexeitamento a abordar a sustentabilidade do sistema de pensións mediante medidas de recorte drástico da protección social. O Pacto de Toledo desde 1995 facilitou o consenso dos axentes sociais e os partidos políticos para que as reformas das pensións se fixesen de acordo con todos e que non se utilicen como instrumento de confrontación.



# UGT-GALICIA INSTA AOS GRUPOS PARLAMENTARIOS A QUE REALICEN UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CÁMARA GALEGA EN APOIO AO DÍA INTERNACIONAL DA IGUALDADE SALARIAL ENTRE HOMES E MULLERES

**Redacción.-** A secretaria de Servizos Sociais e Políticas de Igualdade de UGT-Galicia, Carmen Brea, xunto coa súa homóloga de CCOO, mantiveron hoxe unha xuntanza cos voceiros dos tres grupos parlamentarios en materia de Traballo, José Tomé (PSOE), Henrique Viéitez (BNG) e Alberto Sueiro (PP), na que lles expuxeron a demanda dos sindicatos para que o Parlamento galego, no pleno do vindeiro día 23, realice unha declaración institucional amosando o seu apoio unánime á proposta do Parlamento europeo de declarar o día 22 de febreiro como Día internacional da igualdade salarial entre homes e mulleres.

Lembrar que xa hai unha resolución do día 18 de novembro de 2008 do Parlamento europeo sobre a igualdade entre homes e mulleres, no seu punto 14, pide ás institucións comunitarias e aos estados membros que declaren o día 22 de febreiro como Día internacional da igualdade salarial.

Nesta resolución recoñécese que as diferenzas de retribución laboral son un signo da persistencia das disparidades tanto cualitativas como cuantitativas entre mulleres e homes.

Segundo datos do informe Eurostat "As desigualdades de xénero, cada vez máis estreitas na UE", ponse de manifesto que as mulleres europeas están mellor formadas que os homes pero, con todo, a súa incorporación ao mercado laboral é menor e padecen unha maior precariedade.

A brecha salarial oscila entre o 4 e o 30 por cento, algo incompatible coa Europa do século XXI que non pode seguir discriminando á metade da súa poboación.

Concretamente, neste comunidade, no 2009 o salario medio dunha traballadora galega representaba o 75 por cento do dun home. Esta diferenza ten que ser erradicada.

UGT considera que esta crise non pode ser utilizada como unha escusa para poñer freo aos avances en materia de igualdade salarial.

O 22 de febreiro debería ser unha data para reflexionar, non só sobre o que cobran as mulleres fronte aos homes, senón sobre o modelo de sociedade actual, apoiado no traballo non remunerado das mulleres.



As mulleres reclaman o seu dereito a un traballo, a un salario e a ter un desenvolvemento profesional en igualdade de condicións que os varóns, con avances tanto no eido público como privado no desenvolvemento da corresponsabilidade. Isto sumado á mellora dos equipamentos públicos para a atención de pequenos e maiores dependentes.

## A RECUPERACIÓN ECONÓMICA, DA MAN DA RECUPERACIÓN DO EMPREGO

**Redacción.-** Os datos de contabilidade nacional, publicados polo INE, reflicten que a economía española rexistrou no cuarto trimestre unha caída interanual do 3,1 por cento, nove décimas menor que no período anterior, moderando por segundo trimestre consecutivo a súa contracción. Pola súa banda, a taxa de variación intertrimestral situouse no -0,1 por cento, subindo dúas décimas se se compara co dato do terceiro trimestre.

No cómputo global do ano a economía española pechou o 2009 cunha contracción do 3,6 por cento.

Dentro do ámbito europeo e en termos intertrimestrais, a economía dos 27 medrou un 0,1 por cento no último trimestre de 2009. Entre os principais países europeos destaca o resultado de Alemaña, Francia e Reino Unido. Fóra do ámbito europeo destacar o crecemento de Estados Unidos que pecha o ano cunha suba no último trimestre do 1,4 por cento.

Os datos publicados polo INE amosan unha lixeira moderación da caída da actividade económica en España, despois da forte

contracción sufrida en trimestres anteriores.

Analizando os datos, obsérvase que persiste a contracción da demanda interna e que esta é compensada coa demanda externa. A causa principal está na caída do investimento e do consumo, polo que hai que actuar sobre estas dúas variables ata que se recupere a economía. Neste escenario hai que destacar a importancia que para UGT ten a sinatura do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2010-2012. Hai que resaltar o obxectivo central deste acordo que non é outro que o mantemento e a recuperación do emprego, así como, o mantemento do poder adquisitivo dos salarios, fundamentalmente, grazas á cláusula de garantía.

Por outra banda, dado que os datos do emprego continúan a ser moi negativos, é necesario continuar coas políticas de estímulo económico e de emprego, mantendo, polo tanto, o gasto público ata que se recupere definitivamente a actividade económica e con elo o emprego.



Dende UGT valórase positivamente a prórroga de seis meses do programa de protección por desemprego e inserción ao considerala unah medida necesaria dada as actuais circunstancias. Non obstante, deberían incluírse no programa aos demandantes de emprego que tiveran esgotada a renda e o subsidio agrario e a renda activa de inserción.

Ademais, é necesario que as administracións central e autonómicas constrúan unha rede de protección que permita garantir a cobertura económica e de mellora do nivel de ocupabilidade de todos os traballadores.

## EN GALICIA PRODÚCESE UN DESCENSO DO 5,7% NA DECLARACIÓN DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS CON BAIXA E UN INCREMENTO DO 27% DOS PROCESOS SEN BAIXA

**Redacción.-** Na nosa comunidade declarouse unha enfermidade profesional por cada 710 persoas asalariadas

Santiago, 18 de febreiro de 2010. Os datos referidos ás enfermidades profesionais rexistradas en Galicia no ano 2009, obtidos no Observatorio Estatal de Enfermidades Profesionais, reflicten unha realidade certamente preocupante.

Segundo os datos facilitados polo Observatorio de Enfermidades Profesionais, no ano 2009 producíronse un total de 16.850 enfermidades profesionais en España, das que 1.273 foron declaradas en Galicia. Con respecto ao ano pasado, en España prodúcese un descenso na declaración de enfermidades do 10%, pola contra, as cifras galegas ascenden lixeiramente respecto ó ano 2008, 2,9%. Aínda que o dato non é totalmente positivo, xa que o incremento é debido a un aumento de declaración de procesos sen baixa, un 27%, e a un descenso na declaración dos procesos con baixa do 5,7%.

As 1.273 enfermidades profesionais declaradas sitúan, en termos absolutos, a Galicia no quinto posto dentro do conxunto do Estado, sendo Cataluña, con 3.650, a Comunidade autónoma que comunica máis partes de enfermidades. Para poder analizar a sensibilidade das autonomías nesta materia, cómpre considerar a poboación asalariada existente en cada unha delas. Así, Navarra sitúase á cabeza, xa que neste territorio declárase unha enfermidade profesional por cada 160 persoas asalariadas, cifra sensiblemente mellor que os datos galegos, xa que esta comunidade é a sétima en cifras relativas, declarándose no ano 2009 unha enfermidade por cada 710 asalariados.

Para UGT-Galicia, estas cifras son realmente preocupantes e evidentemente esixen unha reflexión e a posta enriba da mesa das medidas necesarias para paliar esta situación.

O Sindicato ten que denunciar, unha vez máis, que existe unha subdeclaración de enfermidades profesionais, pois moitas das enfermidades que sufren os traballadores son derivadas aos médicos de atención primaria e reciben a consideración de enfermidades comúns permanecendo alleas a esta estatística. Non debemos esquecer a non inclusión dos riscos psicosociais en todo o relacionado coas enfermidades profesionais, xa que moitas das doenzas e aspectos derivados dos devanditos riscos poden xerar patoloxías que fagan máis difícil o desenvolvemento da ac-

tividade laboral dos traballadores/as e mesmo a súa exclusión da contorna laboral.


Para solucionar isto, UGT-Galicia esixe o correcto cumprimento por mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais do RD 1299/2006, polo que se establece o cadro de enfermidades profesionais e os criterios para a súa notificación e rexistro. Para lograr este obxectivo, a nosa organización fai fincapé na necesidade de mellorar o sistema de xestión das mutuas mediante a reforma total do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social co fin de lograr máis transparencia e eficacia a partir dunha maior participación dos representantes dos traballadores na xestión real e efectiva das mutuas, un maior control das administracións, empresarios e sindicatos nos órganos de dirección da mesmas e lograr a plena satisfacción dos traballadores nos servizos que estas lles prestan, facendo que o perceptivo informe dos traballadores ante a contratación da empresa cunha mutua sexa vinculante.

Deste xeito, o criterio de contratación será a satisfacción dos traballadores e non aspectos económicos ou de fiscalización dos procesos de baixa.

UGT considera o Obxectivo 3 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde "Fortalecer o papel dos interlocutores sociais e a implicación dos empresarios e dos traballadores na mellora da seguridade e saúde no traballo" como pedra angular e punto necesario e definitivo para cambiar ese panorama de incumprimento, canto menos parcial, da LPRL.

Polo que respecta ao Plan Estratégico de Prevención de Riscos Laborais de Galicia, UGT-Galicia reclama a posta en marcha do Obxectivo 5.2. "Sistematizar a recollida de datos de enfermidades profesionais diferenciando as cifras por xénero", así como, o Obxectivo 6.3.6 "Investigación de Enfermidades Profesionais" e o 6.6.7 "Programa de análise, estudo e asesoramento de riscos específicos vinculados ás enfermidades profesionais."

Non podemos esquecer que a nosa Organización vén defendendo desde hai varios anos a necesidade dunha Lei Integral de Sinistralidade, xa que dispoñemos dunha boa Lei de Prevención de Riscos Laborais e unha moi completa normativa de desenvolvemento pero falla a real aplicación da mesma.



## O ORZAMENTO DO PLAN NACIONAL DE I+D+i DIMINÚE EN MÁIS DE 357 MILLONS DE EUROS RESPECTO A 2009

**Redacción.-** Unha análise pormenorizada do Programa de traballo 2010 do Plan nacional de I+D+i 2008-2011 reflicte que se reduciu o orzamento global previsto para este Plan en máis de 357 millóns de euros con respecto ao previsto para o ano 2009.

A actuación máis afectada por esta redución foi a acción estratéxica de telecomunicacións e sociedade da información, unha acción que no ano 2009 duplicou o orzamento previsto no ano 2008 e que no 2010 non chega ao 16 por cento da previsión do ano anterior. A acción estratéxica da Saúde tamén ve reducida a súa previsión de gasto para o 2010 e a de biotecnoloxía desaparece das previsións do ano 2010.

As actuacións que saen reforzadas neste programa son, sobre todo, as liñas instrumentais de actuación de Articulación e Interrexionalización do Sistema e a Liña de Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas. Sen embargo, o 37 por cento do orzamento total do programa de traballo 2010 está previsto que se gaste na Liña de Proxectos de I+D+i e, dentro desta, en proxectos de investigación fundamental e de desenvolvemento experimental.

O presuposto total do Programa de Traballo 2010 do Plan Nacional de I+D+i é de 4.330 millóns de euros, só o 47 por cento do diñeiro destinado a estes fins xestiónase a través do Plan Nacional. Polo tanto, o programa de traballo non está cumprindo a función que se lle asigna no Plan nacional como "instrumento de programación no que se establecen os obxectivos e prioridades de I+D+i".

## GARSÁN OBRIGADA A INDEMNIZAR A TRES DELEGADOS DE UGT POR VULNERAR A LIBERDADE SINDICAL

**Redacción.-** A empresa Garsán, auxiliar de Alcoa, foi condenada pola Xustiza por ter vulnerado o dereito á liberdade sindical ao non ter convocado a tres delegados de persoal de UGT na empresa a unha xuntanza celebrada co resto da plantilla o pasado ano.

Por elo, a firma deberá indemnizar con 1.500 euros a cada un dos afectados.

A devandita xuntanza, orixe do conflito, foi convocada pola empresa tras colocar UGT no taboleiro de anuncios a proposta de pacto elaborada polo Sindicato despois da conversación mantida coa dirección polos delegados de persoal.

Na sentenza, o xuíz lembra que non só é esixible que a convocatoria se tivera feito a todos, senón que, incluso, deberían existir prioridades á hora de citar aos delegados sindicais.

## SINDICATOS, XUNTA E CONCELLOS PACTAN REACTIVAR O EMPREGO NO CARBÓN EN GALICIA

**Redacción.-** A mesa para o desenvolvemento do plan do carbón 2006-2012, que aglutina ao Goberno da Xunta, concellos de As Pontes e Cerceda e os sindicatos UGT e CCOO, reuniuse novamente e acordou por unanimidade apoiar 17 proxectos empresariais orientados a fomentar a recuperación do emprego no sector mineiro.

Roque Vidal (FIA-UGT) asegurou estar satisfeito polo resultado da xuntanza e manifestou a súa confianza en que a mesa do carbón contribúa a frear o aumento do paro no sector, que está a ser moi significativo.

Neste senso, hai que resaltar a posibilidade da recolocación dos traballadores da industria auxiliar, ao mesmo tempo que se está a apoiar a súa formación para que acaden o perfil que están a demandar as empresas.

## UU.AA. CELEBRA ESTE VENRES E SÁBADO O SEU 8º CONGRESO

**Redacción.-** Baixo o lema "Negociación agraria=rendas dignas", UU.AA. celebrará este venres e sábado o seu 8º Congreso na cidade de Santiago.

Ao longo destes dous días os 500 delegados que conforman este Congreso debaterán sobre a situación do agro en Galicia e porán enriba da mesa as propostas de futuro para o sector, ademais, elixirán aos seus órganos de dirección para os vindeiros catro anos.

Están previstas as intervencións, entre outros, do secretario xeral de UGT-Galicia, o secretario xeral de UGT, o ministro de Fomento, o presidente da Xunta, o conselleiro de Medio Rural, o alcalde de Santiago, a vicesecretaria xeral de UPA, o secretario xeral de FIA-Galicia, o secretario xeral de UGT-Compostela, o secretario xeral de UPA ou o secretario xeral do PSdeG-PSOE.

Lembrar que UU.AA. conta xa con preto de 14.000 afiliados e 37 sedes.

## A CORUÑA ACOLLEU A XUNTANZA DO COMITÉ EUROPEO DO GRUPO ALCOA

**Redacción.-** Ao londo destes tres últimos días o Comité europeo do Grupo Alcoa, presidido polo representante de UGT no centro de traballo de San Ciprián, José Luís Combarro, reuniuse en A Coruña.

Lembrar que este Comité europeo está composto por 15 membros que representan os intereses de máis de 14.000 traballadores dos 24 centros de traballo que o grupo ten en 11 países de Europa, dos cales dous están en Galicia, A Coruña e San Ciprián.

Entre outras cuestións, os membros do comité están a debater sobre a situación actual do grupo e os proxectos para o 2010 e da unidade de negocio de primario en Europa.

Ademais, analizarase a situación da unidade de negocio de laminación, despois das reestruturacións levadas a cabo, e en España nos centros de Amorebieta e Alicante.

Para o día de hoxe, está programada unha visita dos membros deste Comité á fábrica coruñesa.



## OS TRABALLADORES DE ENCE EN FOLGA

**Redacción.-** Os traballadores de Ence están chamados a dúas xornadas de folga, os días 18 e 19, para denunciar a inexistencia de melloras en canto á prima de produción, a falla de información sobre o plan industrial, o incumprimento de normas de vacacións e provisión de vacantes e outras cuestións relacionadas co convenio colectivo e coa seguridade e saúde laboral.

Ese paro intentou evitarse cunha xuntanza mantida o día 17 pero da que non saíron resultados positivos. Os traballadores denuncian a inflexibilidade amosada pola dirección de Ence que só se amosa disposta a negociar os pequenos flecos.

## UNHA SENTENZA PIONEIRA FACILITA QUE OS TRABALLADORES DE LUVESA COBREN MÁIS INDEMNIZACIÓN DA PREVISTA

**Redacción.-** Nunha sentenza pioneira en Galicia, como explicou Carlos García (MCA-Lugo), o xulgado do mercantil ven de determinar que os traballadores despedidos de Luvesa, empresa que está en proceso de liquidación, reciban unha indemnización de 33 días por ano traballado ata un máximo de 24 mensualidades, por enriba dos 20 días por ano traballado que fixa a Lei.

Esta indemnización supón que algúns traballadores que ían recibir en principio 17.000 euros, agora cobrarán 34.000, para algúns vai supoñer o dobre e para outros un terzo máis, aclarou Carlos García.

Ademais da indemnización, os traballadores percibirán as tres pagas extraordinarias que aínda lles adeuda esta empresa dedicada a montaxes e instalacións eléctricas.